

**XVII FESTIVAL DE CANS**  
**Cans (O Porriño), do 19 ó 23 de maio de 2020**

**BASES PARA A PRESENTACIÓN DE OBRAS**

A **Asociación Cultural Arela** abre o prazo de admisión de curtametraxes, videoclips e outras obras audiovisuais para participar na **XVII edición do Festival de Cans**, que terá lugar entre o 19 e o 23 de maio de 2020.

As **bases do concurso** son as seguintes:

1. As **curtametraxes e videoclips** que se presenten a concurso deben ser **obras galegas dos anos 2019 e 2020**.

A efectos de participación neste festival:

- Por curtametraxes galegas enténdense pezas producidas por produtoras de Galicia ou de fóra de Galicia pero cuxo director ou directora sexa galego ou acredite a súa residencia en Galicia nos últimos dous anos, por sí mesmo e por outros profesionais que avalen a súa residencia.
- Os videoclips que se presenten deben ser de grupos galegos, ou alomenos constatar que unha parte dos seus membros son galegos, e estar dirixidos por directores ou directoras galegos.

2. Aínda que non sexa condición indispensable, valorarase que as obras a concurso sexan estreas absolutas e que non foran aínda amosadas publicamente e así se fará constar nas observacións da ficha de inscrición.

Tamén se valorará nas obras que o equipo técnico e o reparto estea formado por técnicos e actrices e actores galegos.

3. Establécense as seguintes **categorías a concurso**:

- **Curtametraxes de ficción,**
- **Curtametraxes de non ficción (sección “Furacáns”),**
- **Curtametraxes de animación (nota 1) e**
- **Videoclips.**

*(nota 1) A categoría de animación só entrará como categoría a concurso no caso de que a organización seleccionase un mínimo de tres curtas en competición oficial. De non ser así, a organización resérvase a opción de traspasar a cantidade destinada a este premio a outras categorías que se poidan abrir dentro do festival.*

3.1. O certame admitirá **todo tipo de curtametraxes ou longametraxes** que puidesen ser exhibidas en seccións paralelas, como filmes de ficción ou non ficción, videocreacións, capítulos de webseries ou outras pezas audiovisuais.

De feito, non se descarta abrir novas categorías a concurso en función do material recibido (en todos os casos se valorará que as pezas non foran estreadas previamente).

4. A duración de cada curtametraxe de ficción non superará os 30 minutos con créditos da obra incluídos.

5. A duración de cada curtametraxe de non ficción da sección “Furacáns” non superará os 40 minutos con créditos da obra incluídos.

6. A **data límite para enviar as obras** será o **domingo 1 de marzo de 2020 ás 23.59 horas**.

A inscrición é gratuita e deberá facerse a través da páxina web do Festival de Cans completando un formulario no seguinte link: <http://www.festivaldecans.gal/gl/inscripcion-online-festival-de-cans-2020/>

\* Na casilla do formulario correspondente o *Enlace da obra* engadirase un enlace para visionar a obra na plataforma na que estea aloxada, este enlace ten que estar dispoñible ata que finalice a presente edición do festival.

Unha vez feita a inscrición, a persoa ou compañía que inscribiu a obra recibirá un email de confirmación (revisar a carpeta de spam).

6.1. Para calquera dúbida, contactar co correo electrónico [concurso@festivaldecans.com](mailto:concurso@festivaldecans.com)

7. Na **ficha de inscrición da obra** debe especificarse claramente quen é o ou a representante legal da obra. En caso de ser premiada o ou a representante legal será quen ingresará a cantidade correspondente.

Así mesmo, o autor/a ou representante legal da curta comprométese a presentar obras onde as imaxes e as músicas sexan orixinais ou no seu caso teñan o permiso necesario para utilizalas, que deberán adxuntar se así o require a organización.

Calquera pagamento feito ao representante legal designado na ficha de inscrición liberará á Asociación de responsabilidade se o pago correspondera facelo a outra persoa.

O representante legal asinado é o responsable do cumprimento destas bases e das normas que sexan de aplicación a súa actividade.

8. Todas as curtametraxes e o material audiovisual que se envíen para concursar e participar no Festival de Cans deberá ter o seguinte **formato de proxección**:

- AVI, MOV, MP4 ou MPEG (codec H264),
- Bitrate max. 15000 kbps,
- Audio AAC,
- Resolución: 720\*576 ou superior e
- Subtítulos incrustados.

9. As obras seleccionadas para a competición oficial recibirán unha notificación privada do Festival de Cans nas semanas anteriores á celebración do certame, coñecerano antes de que se faga público.

As e os representantes legais das obras comprométese a non facelo público, ata que o faga o propio festival. O incumprimento deste punto será motivo de exclusión da competición. Se isto acontecese, a obra descalificada sería relevada no concurso pola primeira curtametraxe que figure na preselección interna como primeira reserva.

10. As obras seleccionadas serán exhibidas dentro da programación do XVI Festival de Cans que terá lugar do 19 ó 23 de maio de 2020.

11. A organización resérvase o dereito de empregar ata o 10% do minutado de cada peza seleccionada para uso promocional do festival e das propias obras.

12. Se no intervalo entre o proceso de selección de obras e as datas de celebración do festival, algún produtor ou produtora, ou algún director ou directora tivesen unha condena expresa por calquera delito tipificado como violencia de xénero, automaticamente serán excluídos pola organización da sección na que estaban seleccionados.

A Asociación resérvase o dereito de aplicar esta mesma base a condenados ou condenados por sentenza firme por calquera outro delito.

13. As obras gañadoras poderán ser exhibidas íntegramente despois da celebración do evento nun circuito de actos promocionais do Festival de Cans a celebrar en varias localidades galegas, españolas e doutros países, previa comunicación á persoa responsable legal da obra.

Estas exhibicións sempre serán con propósitos culturais, nunca con finalidade de exhibición comercial nin con ánimo de lucro.

A aceptación destas bases conleva a cesión, en favor da Asociación, dun dereito non exclusivo de distribución, reprodución e comunicación pública, durante un prazo máximo de (2) anos e para os fins expostos, sen que caiba ningún outro uso nin se ceda ningún outro dereito.

14. As produtoras e directoras e directores das obras premiadas, ou calquera persoa que se identifique como responsable da mesma, comprométese a incluír unha referencia a este premio en cada unha das copias que se distribúan para a exhibición noutros certames cinematográficos, en salas, plataformas baixo demanda ou calquera outro tipo de exhibición.

Esta referencia debe ir antes da proxección do filme e consistirá nun texto co premio outorgado, acompañado da imaxe gráfica (logo e nome) do Festival de Cans. Esta referencia será facilitada a posteriori, coas normas de uso, pola organización do festival. Así mesmo, esta información tamén deberá ir en todo o material impreso a xeito informativo e promocional e na páxina web da obra, se a tivese.

15. Establécense **catro xurados**:

- **Xurado de curtametraxes de ficción,**
- **Xurado de curtametraxes de non ficción (Sección “Furacáns”),**
- **Xurado de videoclips e**
- **Xurado especial dos veciños de Cans.**

Os xurados de curtametraxes e de videoclips estarán formados por profesionais dos ámbitos do cine, do audiovisual, da música, da comunicación e da cultura.

Todos os xurados serán anunciados antes do inicio do festival e a súa decisión será inapelable.

16. Para os premios do público, as votacións efectuaranse tras cada sesión. Será gañadora en cada categoría a obra coa mellor media aritmética, resultante de dividir a puntuación total obtida en cada sesión entre o número de votantes e sumar despois as medias conseguidas pola obra en todas as sesións.

17. Os premios poderán quedar desertos se algún dos xurados así o decide e no caso de que se outorgase un premio ex-aequo, a dotación repartiríase ó 50%.

Os xurados poderán establecer as mencións especiais que consideren oportunas.

18. Establécense os seguintes **premios**, coa dotación económica e/ou galardóns que se indican *(nota 2) (nota 3)*:

- Premio do xurado á **Mellor Curtametraxe de ficción**: 2.000€ e Can de Pedra.
- Premio do público á **Mellor Curtametraxe de ficción**: 1.500€ e Can de Pedra.
- Premio do xurado á **Mellor Curtametraxe de animación**: 1.500€ e Can de Pedra *(nota 4)*.
- Premio do xurado á **Mellor Curtametraxe de non ficción (Sección “Furacáns”)**: 1.200 euros e Can de Pedra.
- Premio do xurado dos veciños á **Mellor Curtametraxe**: 300 euros e Can de Pedra.
- Premio do xurado ó **Mellor Guión**: 300€ e Can de Pedra.
- Premio do xurado á **Mellor Realización**: 300€ e Can de Pedra.
- Premio do xurado ó **Mellor Actor**: 300€ e Can de Pedra.
- Premio do xurado á **Mellor Actriz**: 300€ e Can de Pedra.
- Premio do xurado á **Mellor Dirección de Fotografía**: 300€ e Can de Pedra.
- Premio do xurado á **Mellor Banda Sonora Orixinal**: 300€ e Can de Pedra.
- Premio do xurado ó **Mellor Videoclip**: 500€ e Can de Pedra.
- Premio do público ó **Mellor Videoclip**: 300€ e Can de Pedra.

*(nota 2) Todos os premios están reflexados en cantidades brutas. Sobre eles aplicaranse no seu momento as correspondentes retencións esixidas según a lei vixente.*

*(nota 3) A organización non se fará cargo en ningún caso das comisións de realizar transferencias de crédito a contas correntes non europeas polos premios outorgados, polo que en virtude desta circunstancia só se farán transferencias a contas correntes europeas.*

*(nota 4) O premio do xurado á mellor curta de animación só se concederá no caso de que haxa un mínimo de tres curtas de animación seleccionadas para participar na competición oficial. De non ser así, a organización resérvase o uso desta dotación ou de parte dela para distribuila entre novas categorías que poidan xurdir no festival.*

**A participación nesta convocatoria implica a aceptación destas bases.**